

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2012/12

**CARACTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 19 de novembro de 2012.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **19 de novembro de 2012** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D<sup>a</sup> Maria Teresa González Piñeiroa.

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.

D.José Manuel Yañez Dablanca

D<sup>a</sup> Azucena González Loredó.

D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Concelleiros ausentes na sesión:**

D.Xabier Campos López.

(disculpa asistencia)

**Secretario:**

D. José Antonio Carro Asorey

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Olalla Alvarez de Neyra Martínez

**Tco.Admón. Xeral:**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2012.43.1.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DE DATA 2 DE SETEMBRO, ORDINARIA DE 17 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DE 22 DE SETEMBRO DE 2012.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2012.44.2.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T6 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Por Secretaria dase conta do ditame da Comisión que se transcribe de seguido:

“O Sr.Alcalde dalle a palabra á Sra. Interventora que explica as modificacións que se pretenden tal e como se recolle na proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

Visto o expediente seguido na intervención municipal no que consta o informe emitido con data 8 de novembro de 2012,

Tendo en conta a providencia de alcaldía da mesma data no que se solicitaba dito informe en atención á modificación do textual do artigo 13.3 nos seus apartados terceiro e cuarto da Ordenanza Fiscal T6 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con elementos con finalidade lucrativa,

Tendo en conta a acomodación de ditos extremos á normativa aplicable (Lei Xeral Tributaria e Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, fundamentalmente), esta Alcaldía ten a ben propoñer á Comisión de Contas e Facendas o informe favorable e, no seu caso, a aprobación plenaria dos seguintes puntos:

- a) Modificación do artigo 13.3 apartados terceiro e cuarto da Ordenanza Fiscal T6 que quedarían redactados do seguinte xeito:
3. *A ocupación do dominio público deberá cumprir as seguintes condicións:*
  - [...]
  - [...]

- *A ocupación de terreo público non poderá en ningún caso ser superior ao 50% da superficie útil de paso da beirarrúa, debendo deixarse sempre un mínimo de paso para peóns segundo sexa estimado polos técnicos municipais que permita a normal utilización da vía.*
- *No suposto de rúas peonís, a ocupación realizarase deixando sempre espacio suficiente para a normal utilización da vía por peóns e, no seu caso, vehículos autorizados a transitar pola mesma, segundo se estableza no informe técnico á solicitude e, en todo caso, libres de accesos a portais de edificios e locais.*
- [...]
  - b) someter a Ordenanza, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, a información pública por período de 30 días hábiles dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia. De non presentarse reclamacións neste prazo, entenderáse definitivamente aprobado o texto da Ordenanza Fiscal, debendo publicarse íntegramente e entrando en vigor na data sinalada nas mesmas.”

Os membros do Grupo Municipal Popular manifestan a súa abstención para o Pleno e do mesmo xeito se pronuncia o Concelleiro do PSG-PSOE.

A Comisión Informativa, por 4 votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 3 abstencións (do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto e dos membros do Grupo Municipal Popular) acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia, nos termos da mesma, para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que anuncia que votará a favor.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que anuncia que vai votar a favor, aínda que pensa que isto demostra que o equipo de goberno fai as cousas con excesiva rapidez e adaptándose ás necesidades do momento.

Intervén a continuación a Sra. González Loredo, concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que o seu Grupo se vai abster, xa que lles parece que non se deberían facer as cousas tan rápido para aforrar. Admite estar de acordo co fondo técnico da cuestión. Recorda que o seu grupo falou de facer unha clasificación por rúas, xa que non é o mesmo pagar por unha terraza en Remourelle que nas Catro Calles. Considera que o tema das medidas se debería de deixar nas mans dos técnicos e deixar certa marxe á discrecionalidade.

Espera que en futuras ocasións se estuden un pouco máis as normas para non ter que andar cambiándoas cada catro días.

O Sr. Alcalde explica que o ano pasado redataron unha nova ordenanza que da cabida a unha serie de circunstancias que non estaban funcionando ben no concello. Entende que se fala das rúas principais de Ribadeo e fóra do centro non cre que haxa ninguén que pida autorización para terrazas por ocupación de vía pública, a non ser en Rinlo, que depende de Costas e lles cobra 10 veces máis que o Concello de Ribadeo. Considera que é unha cuestión técnica, sen repercusión económica, xa que a responsabilidade é dos técnicos e dos políticos. Explica que se trata dunha cuestión menor que se decidiu para que non houbera máis problemas e as normas pódense modificar puntualmente.

Sometida o asunto a votación, resulta aprobado con 8 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG, e dos concelleiros de UPRI e do PSdG-PSOE no Grupo Mixto) e 4 abstencións (dos membros do grupo municipal do PP), acordándose, en consecuencia:

1. A aprobación inicial da modificación da Ordenanza de referencia.

2º. A exposición ao público a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme ao procedemento legalmente establecido, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o prazo non se houbera producido ningunha.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

### **2012.45.3.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T26 REGULADORA DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PISCINA CLIMATIZADA.**

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de 15 de novembro de 2012 que se transcribe:

“A instancia da Alcaldía dase conta pola Sra. Interventora da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

Visto o expediente seguido na intervención municipal no que consta o informe emitido con data 31 de outubro de 2012, así como anexo de novas tarifas e documentación presentada pola empresa concesionaria do servizo da piscina,

Tendo en conta a providencia de alcaldía da mesma data no que se solicitaba dito informe en atención á aplicación da variación interanual do IPC da Ordenanza Fiscal T26 reguladora da prestación dos servizos de piscina climatizada,

Tendo en conta a acomodación de ditos extremos á normativa aplicable (Lei Xeral Tributaria e Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, fundamentalmente), esta Alcaldía ten a ben propoñer á Comisión de Contas e Facendas o informe favorable e, no seu caso, a aprobación plenaria dos seguintes puntos:

- c) incremento das tarifas reguladas na Ordenanza T26 reguladora da prestación dos servizos de piscina climatizada segundo a proposta realizada pola Intervención de afectar dito incremento exclusivamente á base imponible da tarifa
- d) someter a Ordenanza, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, a información pública por período de 30 días hábiles dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia. De non presentarse reclamacións neste prazo, entenderáse definitivamente aprobado o texto da Ordenanza Fiscal, debendo publicarse íntegramente e entrando en vigor na data sinalada nas mesmas.”

O Concelleiro do PSG-PSOE manifesta a súa abstención para o Pleno e igualmente os membros do Grupo Municipal Popular.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións ( do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto e dos membros do Grupo Municipal Popular) acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia, nos termos da mesma, para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que anuncia que se vai abster por coherencia coas taxas anteriores.

Toma a palabra o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que pregunta se a taxa se quere subir co IPC e o diferencial do IVE.

A Sra. Interventora, explica que o diferencial do IVE sube automaticamente por lei.

O Sr. Reymóndez Gancedo non entende as conclusións de que o IPC se tiña que subir da base imponible.

A Sra. Interventora explica que se a taxa son 5 €, e se lle aplica o IPC estase a subir o IPC á base e tamén ao IVE, polo que o que se fai é dividir e o IPC aplícase aos 4 € de base e non ao 1 € de IVE.

O Sr. Reymóndez Gancedo considera que esa conclusión é lóxica, que non se pode subir o IPC do total. Parécelle que calquera empresa concesionaria quererá ter beneficios, pero cre que hai unha intención de subir as taxas en función dun IPC que solicita a empresa concesionaria. Explica que a piscina ten unha función social, xa que dadas as características económicas que se viven, as pequenas e medianas empresas sen concesión están limitando os seus beneficios para non subir o IPC. Pon como exemplo os recortes dos ingresos dos funcionarios. Cre que o equipo de goberno tiña que analizar se a piscina cumpre unha función social, xa que a maioría da xente que acude á piscina faino por temas de saúde ou de ensinanza. Considera que as taxas xa son demasiado altas. Anuncia que vai votar en contra desta proposta.

Continúa a quenda de intervencións a Sra. González Loredo, concelleira do Grupo municipal do PP, que anuncia que o seu Grupo se vai abster, xa que descoñecen os termos nos que está a concesión, pero consideran que podían tirar un pouco máis e sacarlle algo a esa concesionaria. Recórdalle a petición de abrir a mediodía xa que hai xente que só pode ir a esa hora, e tamén que manteñan os bonos durante todo o ano, non só en verán. Informa que se absteñen porque cren que puido ter sacado algún tipo de contraprestación.

O Sr. Alcalde pregunta de que bonos se trata.

A Sra. González Loredo explica que hai bonos de 15 usos das instalacións, pero só funcionan do 1 de xuño ao 30 de setembro.

O Sr. Alcalde, referíndose á intervención do Sr. Reymóndez Gancedo, explica que o IVE vai imposto por lei, e subiu do 8 ao 21%; e o IPC está sometido a revisión anual no prego de cláusulas administrativas que da lugar a concesión e o Alcalde pode negocialo, se o Concello pon de fondos propios. Cre que o modelo de xestión da piscina é moi eficaz, xa que ao concello non lle custa nada directamente, só responde dos problemas do edificio. Dubida que calquera outra piscina se puidera sustentar así, polo que é un bo modelo de xestión.

Considera, dí tamén o Sr. Alcalde, que se pode tentar anular dándolle máis anos de concesión, pero non foi o caso. Cre que o que meteu a “sachada” foi o IVE e é inxusto para a recuperación económica. Informa que revisará a posibilidade de que se abra a mediodía e a utilización de bonos.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado con 6 votos a favor (dos membros do Grupo do BNG), 1 voto en contra (do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto), e 5 abstencións (dos membros do Grupo Municipal do PP e do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto), acordándose en consecuencia:

1. A aprobación inicial da modificación da Ordenanza de referencia.

2º. A exposición ao público a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme ao procedemento legalmente establecido, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o prazo non se houbera producido ningunha.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

#### **2012.46.4.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ZONA AZUL-ORA).**

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de 15 de novembro de 2012 que se transcribe:

“A instancia da Alcaldía dase conta pola Sra. Interventora da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

Tendo en conta a providencia de alcaldía ditada nesta mesma data propoñendo a modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo Público de Ordenación e Regulación do aparcamento (Zona Azul-ORA) no que se expón a existencia de novos medios técnicos non dispoñibles no momento da súa aprobación definitiva en xaneiro de 2011 que permite un sistema de pagamento directo nas máquinas expendedoras de tiques de determinadas sancións,

Tendo en conta que se pretende por este equipo de goberno rebaixar, segundo se xustifica na providencia sinalada, a carga sancionadora por exceso do tempo prepagado, por considerar unha moi inferior carga antixurídica deste comportamento sobre outros regulados como infraccións e tratando asimesmo de evidenciar a falta de ánimo recadatorio do servizo, senón de regulación dun ben escaso como é o espazo de aparcamento dunha zona tan céntrica, e baixo a óptica de obter un sistema áxil e sinxelo que permita a anulación de denuncias de xeito automático,

Considerando, por tanto, que no expediente constan os elementos requeridos pola normativa en materia de Réxime Local e Procedemento Administrativo Común, esta Alcaldía PROPÓN á Comisión Informativa, para o seu informe favorable e proposta ao Pleno desta Corporación, o seguinte acordo:

Primeiro: a modificación do artigo 7 da Ordenanza Reguladora do Servizo Público de Ordenación e Regulación do aparcamento (Zona Azul-Zona ORA), que quedaría redactada do seguinte xeito: “ARTIGO 7:

No suposto sinalado no artigo 6.2 anterior en que se teña sobrepasado o límite horario establecido no comprobante, e ata un máximo de estacionamento de dúas horas dende o inicio do citado comprobante, o usuario poderá anular a denuncia no mesmo día da súa emisión mediante a obtención de un segundo tique de postpago, no que constará a hora da súa expedición. O tique de postpago, xunto co primeiro e o boletín da denuncia, poderá introducirse no buzón situado ao pé das máquinas expendedoras. A tarifa postpagada será de 5,00€.

As infraccións sinaladas nos apartados 1 e 4 do artigo anterior, así como apartado 2 cando non se anule polo sistema regulado no parágrafo anterior, serán sancionadas con multa de VINTECATRO EUROS (24 Euros), e as sinaladas no apartado 3 e 5 con multa de TRINTA E SEIS EUROS (36 Euros ).

As devanditas multas se reducirán nun 50% se se fixeran efectivas durante os 30 días naturais seguintes a aquel en teña lugar a notificación da denuncia.”

Segundo: Someter a Ordenanza, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, a información pública por período de 30 días hábiles dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia. De non presentarse reclamacións neste prazo, entenderáse definitivamente aprobado o texto da Ordenanza Fiscal, debendo publicarse íntegramente e entrando en vigor aos quince días do da súa publicación segundo artigos 70 e 65 da Lei de Bases de Réxime Local.”

O Concelleiro do PSG-PSOE manifesta a súa abstención para o Pleno e igualmente os membros do Grupo Municipal Popular.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións ( do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto e dos

membros do Grupo Municipal Popular) acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia, nos termos da mesma, para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que anuncia que manterá a abstención xa que é unha cuestión técnica que favorece aos posibles infractores.

Intervén a continuación o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que tamén se vai abster, xa que considera que se quere revestir a ordenanza. Propón que nas zonas de carga e descarga non se admita poder aparcar entre as 14 e as 16 horas, xa que hai vehículos industriais que teñen que aparcar para comer.

Toma a palabra a continuación a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que o seu Grupo vai votar a favor porque se trata dunha cuestión que a súa compañeira, a Sra. López-Braña Freije, pediu nun pleno anterior.

O Sr. Alcalde cre que cando eles, referíndose ao seu Grupo, deixen de gobernar, aínda que o equipo de goberno sexa de outra cor política, seguirán mantendo a zona ORA e incluso se ampliará. Di que é do único que o concello saca beneficio, xa que aínda pagando o aluguer da máquina quedan beneficios, ademais de resolver un problema fundamental para Ribadeo porque, agás en agosto que está cheo, todo o mundo pode aparcar por un prezo módico. Non considera que se queira beneficiar aos infractores, xa que se entende por infractores as persoas que aparcan sen ticket, pero aí non hai exención posible. Pon o caso dunha persoa indignada por ser sancionada en zona reservada para carga e descarga na rúa Dr. Moreda, cando o seu vehículo non cumpre esta condición.

Explica tamén o Sr. Alcalde que estas sancións sen bonificación son de 200 €. Considera que por 20 ou 40 céntimos non tería este problema. Explica que se fixo pensando na xente que pon ticket e se esquece de ir renovo, que pode resolvelo no mesmo día pagando 5 €. Indica igualmente que, xa que Ribadeo é un sitio de comercio, querían dar as máximas facilidades. Calcula que entraría en vigor no ano 2013, xa que ten que estar exposto ao público durante un mes.

Rematada a deliberación, sométese a votación resulta aprobado o ditame da Comisión Informativa por dez votos a favor (dos membros dos grupos municipais do BNG e do PP) e dúas abstencións (dos concelleiros do PSdG-PSOE e UPRI no Grupo Mixto), acordándose:

1. A aprobación inicial da modificación da Ordenanza de referencia.

2º. A exposición ao público a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme ao procedemento legalmente establecido, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o prazo non se houbera producido ningunha.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.



**2012.47.5. INCIDENTE DE RECUSACIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE EN EXPEDIENTES DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL QUE SE TRAMITAN NESTE CONCELLO SOBRE INMOBLE SITO NA RÚA AMANDO PÉREZ, 22 DE DONA AINHOA LOPEZ FORMADELA.**

O Sr. Alcalde abstense de intervir neste punto pasando a presidir o Pleno a Primeira Tenente de Alcalde dona Mari Luz Alvarez Lastra.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa municipal de data 15 de novembro de 2012 que de seguido se transcribe:

“Neste punto abstense de intervir o Sr. Alcalde-Presidente pasando a presidir a Comisión o Sr. Tenente de Alcalde e membro da Comisión D. Vicente Castro Reigosa.

Por Secretaría dase conta do incidente de recusación formulado contra o Sr. Alcalde, en expedientes de reposición de legalidade urbanística e de responsabilidade patrimonial que se tramitan no Concello en relación con obras de rehabilitación no inmovible sito en Rúa Amando Pérez, 22 , a instancia de dona Ainhoa López Formadela representada por don D. José María López Reguera, e en cuxa petición de recusación se indica que a mesma é ao ter interese no asunto por ser presunto responsable, acción de regreso, polos danos ocasionados pola suspensión e paralización da obra, derivados, sen prexuízo e a reserva de outras consideracións polo tempo transcurrido, as irregularidades postas de manifesto nos seus escritos e a caducidade do expediente.

Dase conta do mesmo xeito do escrito da Alcaldía negando a existencia de causas legais de abstención nos expedientes indicados así como do informe de Secretaría obrante no expediente no que se expresa que conforme ao disposto no artigo 183.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ao Peno a adopción do acordo procedente respecto da recusación formulada contra o Sr. Alcalde.

O Concelleiro do PSG-PSOE manifesta a súa abstención para o Pleno e nos mesmos termos se pronuncian os membros do Grupo Municipal Popular.

A Comisión Informativa, por tres votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións ( do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto e dos membros do Grupo Municipal Popular) acorda, á vista da documentación obrante no expediente, rexeitar a recusación formulada contra o Sr. Alcalde nos expedientes de referencia por non se dar as causas de abstención legalmente establecidas e emitir ditamen favorable neste senso para adopción, polo Pleno municipal, do correspondente acordo.”

O Concelleiro do PSG-PSOE Sr. Gutiérrez Fernández manifesta que non vai votar a favor da recusación, que non está de acordo que lle parece que non está xustificada nos termos en que está exposta e os dereitos que lle asistan en canto á reposición da legalidade urbanística é outra cuestión que en todo caso está para ver e pensa incluso que se actuou ben; que parece que non vale naide, que tamén recusou aos técnicos e di que non é aceptable.

Intervén de seguido o Concelleiro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo que manifesta que a cuestión é pouco discutible, que se fala de acción de regreso e que iso será a posteriori, no seu caso, cre que os motivos que alega non son suficientes para poder recusar a un Alcalde e dous técnicos e di que está a favor de rexeitar a recusación solicitada.

Por parte do Grupo Municipal Popular intervén dona María del Campo López-Braña Freije que dí que está a favor de rexeitar a recusación, dí que isto é unha cuestión obxectiva e van votar a favor de rexietar a recusación por falta de xustificación.

Por parte do Grupo Municipal do BNG intervén o Concelleiro Sr.Castro Reigosa que agradece a postura dos demais Grupos.

Pasado a votación a Corporación, por unanimidade dos once membros presentes na sesión, coa excepción do Sr.Alcalde que non intervén neste punto, acorda, prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente rexeitando, en consecuencia a recusación formulada contra o Sr.Alcalde-Presidente, por non existir causa legal algunha de abstención nos expedientes segundo disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de RXAPPAC.

#### **2012.48.6.-DACIÓN DE CONTA DA ACEPTACIÓN DA DOAZÓN EFECTUADA POR DONA MATILDE GONZÁLEZ GÓMEZ, VIUVA DE DON DANIEL CORTEZÓN ALVAREZ, A FAVOR DESTE CONCELLO SEGUNDO ACTA DE 4 DE OUTUBRO DE 2012.**

O Sr.Secretario da lectura ao ditame da Comisión Informativa:

“Por Secretaría dase conta da acta subscrita con data 4 de outubro de 2012 na que o Sr.Alcalde acepta a doazón gratuita realizada por dona Matilde González Gómez, viúva de don Daniel Cortezón Alvarez, dunha colección de libros composta por 6385 volumes e 907 revistas, segundo descrición obrante no expediente, e que se atopan depositados na Casa do Viejo Pancho que serán destinados ao servizo público nas instalacións municipais indicadas, sede actual das dependencias da Concellería de Cultura.

A Comisión Informativa dase por enterada.

Neste punto o Concelleiro do Grupo Municipal Popular Sr.Valín Valdés pon de manifesto, como xa fixo noutras ocasións, a alteración que existe na Casa do Viejo Pancho por estar modificados os usos e fins para os que foi rehabilitada a mesma.”

O Sr. Alcalde explica que fai un mes tiveron unha xuntanza coa viúva de Daniel Cortezón, que se atopa entre o público, e á que reitera o agradecemento pola doazón que Daniel Cortezón fixo en vida e que a súa viúva quixo manter, polo que se fixo por escrito o acto de entrega desa documentación, que está baixo a tutela do Concello de Ribadeo na Casa do Viejo Pancho. Informa que agora ese material hai que inventarialo e catalogalo.

Tecnicamente suxeríuse que dentro da biblioteca municipal de Ribadeo haxa un apartado para o fondo de Daniel Cortezón.

Explica tamén o Sr. Alcalde que toda a documentación se asinou na ausencia, por motivos persoais, da concelleira de Cultura, e agora a través da bibliotecaria, que empezará a traballar con xornada completa, axilizaráse o proceso. Tamén a propia viúva se ofreceu de maneira xenerosa e altruísta a colaborar, polo que se trata de poñer un soporte informático. Espera que non se produza un retraso como o que pasou co fondo de Dionisio Gamallo.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta o agradecemento á súa viúva. Considera que, despois das doazóns de Daniel Cortezón e de Dionisio Gamallo, a biblioteca de Ribadeo é a segunda máis importante da provincia, despois da de Lugo, e supón un bo instrumento para a xente de Ribadeo.

Insiste no manifestado con anterioridade en que se altera o espírito inicial da Casa do Viejo Pancho que ía ser destinado a Centro de Estudios Iberoamericanos, onde encaixarían parte dos libros de Daniel Cortezón. Considera que non é unha cuestión do PP, senón dos propios Dionisio Gamallo e Daniel Cortezón.

Propón apartar dese local o banco de alimentos e as oficinas do CCA, xa que poderían estar noutro sitio. Coincide co Sr. Alcalde en que hai que dar a coñecer este volume de libros e pensa que se colaboran a propia viúva, a bibliotecaria e a técnica de Cultura probablemente se axilice o traballo de catalogación.

O Sr. Alcalde opina que a Casa do Viejo Pancho non é un sitio axeitado para os alimentos, polo que lle buscarán outro sitio. Respecto ao CCA, recoñece que é complexo, xa que é unha asociación privada que representa o principal sector económico do concello.

Rematadas as intervencións a Corporación queda enterada da doazón de referencia.

#### **2012.49.7.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE AFIANZAMENTO Á ASOCIACIÓN PUENTE DE LOS SANTOS.**

A instancia da Alcaldía o Secretario da lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Por Secretaría dase conta da Resolución da Alcaldía que se transcribe:

#### **“RESOLUCION DE LA ALCALDIA RELATIVA A AFIANZAMIENTO A LA ASOCIACION “PUENTE DE LOS SANTOS”**

Por la Alcaldía Presidencia del Ayuntamiento, a la vista del escrito presentado por la Asociación Puente de los Santos con entrada el día 27 de septiembre de 2012 en relación a la necesidad de afianzar a dicha Asociación Puente de los Santos por el 16,66 % del importe del aval solicitado (256.694,90 euros -110 %) del importe neto subvencionado para la 4ª anualidad ante la Caja Rural Galega (entidad financiera gestora de los fondos del proyecto piloto “Un Puente a tu Salud 2.0”).

Considerando que el Ayuntamiento de Ribadeo se mantiene dentro de los límites legales de endeudamiento sin requerir autorización de la comunidad Autónoma según el informe de la intervención de esta Entidad de fecha 20 de Junio de 2012.

**RESUELVO:**

1º.- Afianzar a la Asociación "Puente de los Santos" por el importe de 42.765,37 euros equivalente al 16,66 % de la cantidad referida de la 4ª anualidad del proyecto piloto de referencia (256.694,90 euros)

2º.- Dar cuenta de esta Resolución a la Asociación Puente de los Santos, a la Caja Rural Galega, acompañada en este caso de los documentos que procedan, al Ayuntamiento de Ribadeo y al Pleno Corporativo, en la próxima reunión que este celebre."

A Comisión Informativa dase por enterada."

O Sr. Alcalde explica que é unha dación de conta que se fai todos os anos, polo que non procede sometela a votación.

A Corporación dase por enterada da resolución de referencia.

**2012.50.8.-DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES TITULAR E SUPLENTE NOS CONSELLOS ESCOLARES DE CENTROS DE ENSINO DE RIBADEO.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

"A instancia da Alcaldía, dase conta por Secretaría da Proposta da Alcaldía que se transcribe, sinalando que na mesma se recolle tamén a necesidade de renovación do Consello Escolar na Escola Oficial de Idiomas, cuxo escrito de petición chegou o mesmo día 12 de novembro de 2012 cando xa estaba redatada a Orde do día:

"Vistas as solicitudes formuladas polos Centros de Ensino IES DE RIBADEO e Centro Gregorio Sanz de Ribadeo interesando a designación do representante municipal no Consello Escolar de ditos Centros.

Visto igualmente que con data 12 de novembro de 2012 tivo entrada o escrito da Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo interesando tamén a representación municipal para formar parte do Concello Escolar.

Visto anterior acordo desta Corporación Municipal, de data 15 de xuño de 2011,cos nomeamentos realizados para representantes dos Consellos Escolares nos distintos Centros do Municipio e mantendo os mesmos criterios,

PROPONSE ao Pleno Municipal, que previo ditame da Comisión se acorde:

- a) Nomear para o Consello Escolar do I.E.S. de Ribadeo, un representante do Grupo Municipal BNG a designar por esta formación e o seu suplente.
- b) Nomear para o Consello Escolar do Centro Gregorio Sanz, un representante do BNG a designar por esta formación e o seu suplente.
- c) Nomear para o Consello Escolar da Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo, un representante do Grupo Municipal de UPRI.”

Promovida deliberación entre os membros da Comisión Informativa ponse de manifesto que no Centro de FP Porta da Auga a partir de agora xa non existirá Consello Escolar polo que o Grupo Municipal Popular non terá representación en ningún Consello Escolar.

O Sr.Alcalde á vista das deliberacións e da inexistencia de Consello Escolar no Centro Porta da Auga donde antes a representación municipal recaía nun membro do Grupo Municipal Popular e co obxecto de que nos Centros de Ensino exista unha mais ampla representación da Corporación decide modificar a súa proposta no senso de que para o Centro IES Ribadeo se designe polo Grupo Popular un representante e o seu suplente, ao que acceden os membros deste Grupo municipal que o realizarán na sesión Plenaria propoñendo as persoas para esta representación.

Polo Grupo BNG désígnase, para o Consello Escolar do Centro Gregorio Sanz, ao Concelleiro Sr. D.Horacio Cupeiro Rodríguez como membro titular e como suplente á Concelleira dona Ana María Martínez Fernández.

O Sr.Alcalde considerando que ata o de agora o representante municipal no Consello Escolar da E.O.I. era un membro de UPRI, e aínda que non se atopa presente nesta Comisión o Concelleiro desta formación política, mantén a proposta para o Consello Escolar da Escola Oficial de Idiomas dun representante deste Grupo.

Rematada a deliberación, a Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes acorda ditaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía coa modificación indicada respecto da representación no IES de Ribadeo, para que polo Pleno municipal se adopte o correspondente acordo neste senso.”

Tra-la lectura do ditame da Comisión informativa, o Sr. Secretario anuncia que faltan por designar os representantes do Grupo Popular no Consello Escolar do Centro Porta da Auga.

O Sr. Valín Valdés, Concelleiro do Grupo municipal do PP, informa que o membro titular será el mesmo, e a suplente será a Sra. D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije.

O Sr. Alcalde explica que na pasada Comisión Informativa se acordou designar ao Sr. Reyμόndez Gancedo como membro do Consello Escolar da Escola Oficial de Idiomas.

O Concelleiro D. Agustín Remondez Gancedo accede á proposta para representante na Escola Oficial de Idiomas.

A Corporación, por unanimidade dos membros presentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia, quedando en consecuencia designados como representantes nos Consellos Escolares do Centro Gregorio Sanz os Concelleiros do BNG D. Horacio Cupeiro Rodríguez como membro titular e como suplente á Concelleira dona Ana María Martínez Fernández; do IES de Ribadeo D. Manuel A. Valín Valdés como titular e como suplente dona María del Campo López-Braña Freije e da Escola de Idiomas don Agustín Reymndez Gancedo, Concelleiro de UPRI.

**2012.51.9.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.**

**DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE O NUMERO 178/2012 de 21 de agosto ao 229/2012 DE 31 DE OUTUBRO DE 2012.-**

Comeza intervindo o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que se refire á suma dos decretos de avarías de desbrozadoras. Pensa que habería que cambiar o sistema, xa que debe haber algún defecto técnico ou son de moi pouca potencia. Considera que non pode ser que, á parte deses 3.500 € por amañar as rozadoras, exista o decreto 146/12 co pago de 11.700 € para traballos de roce de camiños do concello.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Obras, explica que unha cousa son as rozadoras de man e outra o trator-rozadora, pero ás veces nas facturas non está especificado. Explica que os 11.000 € son dun convenio con Medio Rural para a prevención de incendios, que se contrata de reforzo no verán para roces con tractor.

O Sr. Gutiérrez Fernández insiste que é mellor comprar outras rozadoras pequenas axeitadas para aforrar, xa que todo suma ao ano.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, concelleiro delegado de Medio Ambiente, informa que, respecto ás rozadoras, cando máis se gasta é no verán porque se contrata xente para iso, pero no inverno practicamente só hai un traballador, polo que os gastos desaparecen. Considera que unha rozadora que teña un problema non se pode retirar, hai que reparala, xa que comprar 10 rozadoras sae máis caro.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, propón facer un curso para ensinarlles aos traballadores a usalas ben.

O Sr. Cupeiro Rodríguez considera que habería que valoralo.

Intervéna continuación o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire ao decreto 184/12 de Curso de Monitor por 4.000 € e dí que quere saber de qué se trata.

A Sra. Martínez Fernández, Concelleira delegada de Desenvolvemento Local, responde que é do curso de monitores de tempo libre.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Educación, aclara que era un curso de formación para ser monitor de tempo libre e o concello de Ribadeo bonificou unha porcentaxe da matrícula á xente de Ribadeo como maneira de promover o emprego a través de desenvolvemento local. Informa que eran 25 prazas que se cubriron e quedou xente fóra.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Facenda, explica que a matrícula cubría o custo.

A Sra. Interventora explica que o Concello puxo 800 € e o resto foi pagado coas matrículas dos usuarios.

O Sr. Reymóndez Gancedo, Concelleiro de UPRI refírese ao decreto número 187/12 dunha reportaxe de vídeo de Ribadeo por 413 €.

A Sra. Martínez Fernández, Concelleira delegada de Desenvolvemento Local, aclara que foi o que se fixo para recoller todas as actividades de “Ribadeo de Tapeo”. Informa que vai estar colgado en Internet, está na oficina de turismo e emprégase para promoción turística do concello.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese tamén á páxina 8 do mesmo decreto relativo a tarxetas do parque empresarial de Ribadeo, pregunta de que se trata.

O Sr. Alcalde explica que é o cadro de alumeadado público, tiña dúas tarxetas avariadas pola corrosión e o paso do tempo.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta tamén polo decreto 215/12 sobre reparación de tarxetas do parque empresarial.

O Sr. Alcalde aclara que se trataba de dúas tarxetas que houbo que poñer novas, pero recomendáronlle que unha delas que non estaba tan deteriorada que se podía amañar para tela de reposto e foi o que se fixo con eses 262 €.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa intervindo e refírese ao decreto 226/12 sobre facturas de E.on, quere que llas expliquen.

A instancia da Alcaldía intervén a Sra. Interventora que aclara que se trata das facturas que se corresponden co subministro eléctrico da rúa Dr. Moreda. Explica que reclamaron á compañía e no ano 2011 conseguíronse 80.000 euros que se facturaran demais, polo que a estas alturas se podería estar noutro tanto, pódese considerar que o 30% da factura de 4.000 € é errónea xa que aplican prezos superiores. Fala de dúas facturas da mesma data, pero referida a diferentes períodos.

O Sr. Alcalde manifesta que considera que é un desastre e están valorando ir a outro operador. Aclara que realmente é unha situación que pensaban tela resolta a finais do ano pasado, pero todo este ano seguen a incumprir acordos como lecturas de contadores que non existen.

A Sra. Interventora aclara que o problema non está nos kilovatios gastados, senón no prezo dese kilovatio .

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta se recordan un acordo coa Deputación de Lugo de aforro enerxético.

O Sr. Alcalde explica que a situación actual é de oligopolio e a Deputación fixo un acordo cos concellos para que cederan esa competencia para que puideran contratar en bloque todo iso para que saíra máis barato, pero quedaron desertos os concursos.

O Sr. Reymóndez Gancedo dí que pensa que deberían negociar con outra compañía, xa que en tres meses os gastos de luz ascenden a 98.251 €.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, intervén e refírese ao tema da tarifa eléctrica que é un dos máis revisados nos últimos anos, pero cre que é unha situación de indefensión tremenda, xa que hai intermediarios que non queren ver a E.on por diante, porque sistemáticamente incumpren o contrato. Di que non só cobran mal, senón que aplican mal a tarifa e pon como exemplo as facturas que aparecen do antigo pavillón, onde non hai contadores nin corrente eléctrica.

De seguido toma a palabra oo Sr. Valín Valdés, Concelleiro do Grupo municipal do PP, que reitera a súa petición para que os conceptos dos decretos non sexan tan xenéricos e se especifique o que é.

Refírese en primeiro lugar ao decreto nº 184/2012 sobre un cursiño de “Jazz, improvisación e música moderna”.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira delegada de Cultura, responde que se trata dun curso que se fixo coa escola de música e a Asociación “Amadores da Música”.

O Sr. Valín Valdés refírese ao decreto 187/12 sobre “Promoción Turística da Praia de As Cattedrais” e “Edición de material para Promoción Turística Sostible”.

Resposta a Sra. Martínez Fernández, Concelleira delegada de Turismo, que aclara que se trata dun convenio coa Deputación e outro coa Reserva da Biosfera. Explica que se trata das credenciais de Ribadeo (que se entregaron case 1.700), de promoción do taxi turístico e do bus turístico.

O Sr. Valín Valdés pregunta respecto do decreto 190/12 de “Traballos Gráficos para a programación cultural do concello” de que traballos se trata e dí que agradecería que se puxeran. Refírese ás actividades socioculturais de agosto, realizadas pola empresa OXEM SPORTS, e pregunta en qué consisten.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro delegado de Deportes, aclara que se trata de traballos de montaxe e desmontaxe, e na factura está o detalle das horas.

Continúa coa súa intervención o Concelleiro do Grupo Municipal Popular Sr.Valín Valdés e pregunta polo decreto 193/12 sobre a situación do antigo colexio das monxas.

O Sr. Alcalde contesta que están resolvendo un recurso de reposición porque a Xunta culpa ao Obispado e o Obispado á Xunta.



O Sr. Valín Valdés refírese seguidamente ao decreto 195/12 relativo a un recurso de reposición do peón-sepultureiro, quere saber como está a situación.

O Sr. Alcalde informa que está de baixa laboral, que había unha suspensión de emprego e soldo por 8 meses, que segue vixente a expensas de que se dea de alta.

O Sr. Valín Valdés refírese a continuación á Festa do Percebe. Comenta que probablemente se financie con fondos alleos ao concello, pero considera que gastar 4.000 € en publicidade é excesivo.

O Sr. Alcalde explica que corresponde coa difusión desa festa nos medios de comunicación. Engade que é un convenio que teñen coa Deputación.

O Sr. Valín Valdés manifesta que está abraiado polos convenios excepcionais da Deputación, concretamente refírese ao decreto 205/12 de Cubrición da Sala de Máquinas e Modernización e Instalación de Climatización no Auditorio Hernán Naval. Comenta que este ano coincide que hai unha empresa que se encarga tamén do mantemento. Pregunta se estaba moi deteriorado.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, comenta que hai un problema grave no sistema de climatización e acende tanto para oficinas como para o salón, polo que o gasto eléctrico é moi elevado, á parte doutros defectos que hai que corrixir. Di que o decreto é só de solicitude, que non hai ningunha confirmación. Informa que tamén hai que resolver unha goteira na sala de máquinas e corrixir os problemas que causou.

O Sr. Alcalde comenta que tamén houbo problemas cos veciños polo ruído que ocasionaba o aire acondicionado.

O Sr. Valín considera que leva feito moitos anos, así que é normal que teña defectos. Refírese ao decreto 207/12, pregunta se hai algún convenio para “Preparación de mozos para prevención do fracaso escolar”.

Explica o Sr. Alcalde que é un convenio co centro de estudos Teorema para previr a exclusión social con clases de apoio.

O Sr. Valín Valdés refírese á publicidade con un medio de comunicación, pregunta se o concello vai seguir pagando mes a mes á Cadena Cope unha cantidade fixa.

O Sr. Alcalde di que se fai para aforrar coas cuñas publicitarias da programación cultural, xa que se se paga a prezo de cuña individual é moitísimo máis caro.

Continúa intervindo o Sr. Valín Valdés se o decreto 207/12 relativo ao ciclo “Músicas Posíbeis”, por 1.500€, vai con cargo completo ao concello.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira de delegada de Cultura, aclara que neste último trimestre hai unha parte da programación que é do concello.

O Sr. Valín Valdés pregunta polo decreto 210/12 de Alimentos para axuda de emerxencia a familias necesitadas.

A Sra. González Piñeiroa, concelleira delegada de Servizos Sociais, aclara que a última partida que viñera de excedentes da Unión Europea xa non chegaba, polo que houbo que completala.

O Sr. Valín Valdés menciona tamén o decreto 214/12 de Transporte promoción Turismo Sostible Reserva da Biosfera de EO-CAR.

A Sra. Martínez Fernández, concelleira delegada de Turismo, explica que se trata do convenio que se fai co bus-praia, a cargo da Reserva da Biosfera.

O Sr. Valín Valdés continúa co decreto 214/12 relativo a Texto, tradución e libro sobre a praia de As Catedrais.

A Sra. Martínez Fernández explica que se trata dun erro porque a factura non corresponde ao libro, senón ao texto, tradución, material fotográfico e maquetación do material promocional sobre a Praia de As Catedrais.

Refírese a continuación o Sr. Valín Valdés ao decreto 215/12, relativo a un pago a unha procuradora por dereitos dun contencioso de Emilio López Suárez, pregunta de que se trata.

O Sr. Alcalde contesta que foi unha persoa que fixo un galpón sen licenza e denunciou a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Despois pretendeu legalizalo pero é imposible.

O Sr. Valín Valdés pregunta polo decreto 226/12 sobre Transporte Actividades Culturais Espazos Sonoros.

A Sra. Álvarez Lastra informa que a Xunta de Galicia creou esta actividade para visitar os órganos das igrexas de A Mariña. Explica que Ribadeo optou a esa actividade pero supuxo os gastos de transporte para as persoas que participaron no curso.

## **MOCIONS:**

### **1.DO BNG SOBRE MODIFICACIÓN DA LEI HIPOTECARIA E ADOCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESFIUZAMENTOS.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

“A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pón diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e personas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total,

desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado.

As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscritas polo BNG no Congreso dos Deputados. De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son intransixente nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.

O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas lexislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:**
  - **Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.**
  - **Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.**
  - **Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.**
  - **Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.**
  - **Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.**

- **Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.**
2. **Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:**
    - **Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.**
  3. **Instar á Xunta de Galiza á**
    - **Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafuzamentos.**
    - **Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, exixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.**
  4. **Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.**

Iníciase a deliberación intervindo o Sr. Alcalde que manifesta que considera que a situación está de triste actualidade. Refírese ás familias que viven nas súa vivenda habitual e, por circunstancias de perda de traballo, non poden facer fronte á hipoteca. Cre que se dan situacións que non son propias dun país do primeiro mundo, xa que a banca recibe miles de millóns de euros do erario público, pero é totalmente inflexible e non acepta aos particulares o que si acepta coas empresas.

Tendo en conta que a lei hipotecaria ten 100 anos e se da a circunstancia de que se a alguén lle quitan a súa vivenda non remata a súa débeda viva co banco. En vista de que formacións políticas con pouco peso, como o BNG, teñen proposto iniciativas que foron votadas en contra polo PP e polo PSOE, piden que se inste á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado para que proceda á modificación da Lei Hipotecaria.

Intervén a continuación o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que coincide en que a situación é grave e urxente e haberá que pedir que se faga algo. Parécelle ben e como ten un carácter simbólico, anuncia que votará a favor.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto. Pensa que todo é razoable, vista a situación económica actual. Anuncia que vai apoiar a moción, sen entrar en temas ideolóxicos ou políticos.

Toma a palabra a Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, que manifesta que pretende que as Administracións asuman a súa responsabilidade, xa que o problema ten unha orixe e non é responsable nin o cidadán, nin só os bancos, senón concellos e demais Administracións. Resalta que no ano 2008 a Conselleira de Vivenda, Teresa Táboas, aproba un plan no Parlamento de Galicia, para a dinamización do sector da vivenda e prevé sacar á venda preto 45.000 vivendas, o que serviría para superar a crise económica porque contemplaba a creación de emprego.

Dí que entende que todos teñen responsabilidades, pero quere dicir que a entrada desta moción o 15 de novembro coincide co día en que o goberno do Estado e o PSOE aproban un Decreto Lei polo que se adoptan medidas urxentes. Informa que xa no mes de marzo entrou en vigor un Real Decreto Lei 6/2012 de Medidas Urxentes de Protección de Debedores e prevíanse mecanismos para reestruturación de débeda hipotecaria a través do código de boas prácticas, que era voluntario para os bancos, pero en Galicia o 100% dos bancos subscribiron este código, que é de obrigado cumprimento.

Insiste en que antes que eles viñeran con esta preocupación xa existían medidas, polo que as modificacións hai que estudalas, e estas medidas que agora pide o BNG xa están en vigor aínda que non sexan suficientes, porque hai que emendar os problemas de antes e asumir responsabilidades.

Entende que todos poden aportar algo pero o goberno do Estado xa está traballando en buscar solucións, non porque llo esixa a oposición, senón porque é consciente do problema que teñen os cidadáns españois. Cre que é problema da permisividade da Administración que miraba para outro lado, e as entidades financeiras aproveitaban a situación, pero os cidadáns estaban impulsados á compra, xa que a Administración poñía en venta os pisos de protección oficial, dábanse créditos a todo o mundo etc.

Manifesta tamén que o concello de Ribadeo ten a súa responsabilidade, pero as medidas que se poidan tomar entran dentro da autonomía local. Considera que con esta moción non se aporta nada novo. Entende que é extemporánea despois da aprobación o 15 de novembro dun Real Decreto Lei que contempla estas medidas. Anuncia que o seu grupo se vai abster porque son os primeiros que tentan buscar solucións e xa presentaron algunha medida para poder contribuír coas familias afectadas, pero non quere facer demagogia cos sentimentos dos veciños.

O Sr. Alcalde quere resaltar que no ano 98 se liberalizou o solo, pero non estaba no goberno ninguén do BNG. Cre que a Banca ten moita culpa, pero teñen máis os que favoreceron leis para que a Banca fixera o que fixo, xa que habería que ter a valentía de pararlle os pés á Banca.

Sometida a votación, a Corporación, en votación ordinaria, por 8 votos a favor (dos concelleiros do grupo municipal do BNG e dos concelleiros de UPRI e do PSdG-PSOE no Grupo Mixto) e 4 abstencións (dos concelleiros do grupo municipal do PP), acorda prestar aprobación á mesma nos termos indicados.

#### **2012.52.10.-MOCION URXENCIA.**

Por parte da Alcaldía sométese a votación a urxencia da seguinte Moción:

“A Ponte dos Santos é un dos principais accesos a Ribadeo desde Asturias así como a Porta norte de Galiza tanto para vehículos como para persoas. O seu desdoblamento para conversión en Autovía hai uns seis anos mellorou notabelmente as comunicacións entrambas as bandas da Ría de Ribadeo, aínda que tamén quedaron patentes algunhas eivas derivadas da súa ampliación.

Tal é o caso das beirarrúas, agora moi estreitas ao quedar con soamente un metro de ancho provocando que os peóns que cruzan a ponte deban estar moi atentos. No caso de que un ciclista, coa bicicleta da man, ou circulando con ela por esa beirarrúa se atopa con un peón camiñando no mesmo sentido ou no contrario, inevitablemente han ter que tomar moitísimas precaucións para cruzarse sen mancarse mutuamente (hai que lembrar que as normativas actuais para construcións de beirarrúas nas vilas e cidades prohiben que sexan menores de 150 cm).

Débase ter en conta ademais, que a Ponte dos Santos está constituída como o principal acceso de peregrinos que vindo polo camiño do norte chegan a Ribadeo a pé ou en bicicleta, cada vez en maior número.

Nestes últimos días produciuse un desgraciado accidente no que un ciclista tropezou con un burato dunha das beirarrúas da Ponte que o fixo caer e romper a mandíbula. Afortunadamente non foi máis grave do que puido ter sido posto que unha caída nunha bicicleta nese espazo tan angosto pode supor a caída da ponte embaixo.

Sirva o anteriormente exposto para volver a traer ao debate institucional o feito de que existen preceptos legais no Regulamento Xeral de Circulación que permiten aos ciclistas poder circulan polas beiravías das autovías sempre que non existan rotas alternativas. Concretamente o artigo 38.1 deste Regulamento vén dicir que *“os condutores de bicicletas maiores de 14 anos poderán circular polas beiravías das autovías, agás que por razóns xustificadas de seguridade vial se prohiba mediante a sinalización correspondente. Dita prohibición complementarase cun panel que informe do itinerario alternativo”*.

A seguridade dos ciclistas non se vería afectada porque as beiravías existentes na Ponte dos Santos teñen un ancho considerablemente máis grande do que tiñan cando as bicicletas si pasaban por aí en tempos da Ponte sen desdobrar. Agora, aínda para o caso de que as autoridades competentes o consideraran, ben puideran rebaixar a velocidade para vehículos durante os 600 metros de lonxitude da ponte de 120 a 100 Km/h.

Hoxe en día non existe sinalización alterativa dado que evidentemente non se pode artellar unha alternativa de 27 Kms., dando a volta pola veciña localidade asturiana da Veiga para cruzar outra ponte, neste caso a de Porto (Ribadeo). Ademais, a sinalización existente nas rotondas de acceso á autovía máis cercanas á Ponte dos Santos indican de xeito confuso a prohibición de circulación de ciclos, xa que nunha das rotondas consta a prohibición e noutra non. Faise necesario, xa que logo, resolver definitivamente esta cuestión moi perigosa na actualidade e que tamén está a xerar unha grande inseguridade xurídica dado que nin as autoridades en materia de tráfico son quen de dar unha resposta unificada de se na actualidade se pode circulan en bicicleta ou non.

Xa noutras ocasións anteriores colectivos de ciclistas como o Club Ciclista Eo ou mesmo Asociacións de Veciños coma O Tesón, de Ribadeo teñen tentado facer xestións para darlle solución a este problema que impide ir favorecendo o uso da bicicleta como medio de transporte e como medio para a práctica do deporte.

É por todo isto, que se propón ao Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Ribadeo insta ao Ministerio de Fomento, Dirección General de Tráfico e á Xunta de Galicia a que diten as instrucións oportunas para sinalizar e permitir que os ciclistas poidan cruzar a Ponte dos Santos de Galiza a Asturias e viceversa polas beiravías da Autovía.”

O Sr. Alcalde explica que o día anterior tivo lugar unha concentración de ciclistas na Ponte dos Santos, polo que xustifica a urxencia desta moción. Expón que a ponte ten unhas eivas importantes nas beirarrúas, que quedaron excesivamente estreitas, xa que non teñen nin un metro, mentres que as estandarizadas son de un metro e medio, e están encaixadas por unha banda alta, ademais da varanda. Considera que os viandantes pasan perfectamente, pero non sabe se é legal ir en bicicleta.

Dáse a circunstancia, continúa explicando o Sr. Alcalde, de que o Camiño do Norte cada día é máis usado, pero o peregrino coa bicicleta e a alforxa ten dificultades para pasar, polo que as circunstancias son un pouco ridículas. Explica que un cidadán de Tapia de Casariego caeu días atrás e rompeu a mandíbula. Comenta que os condutores de bicicletas maiores de 14 anos poden circular polas beiravías, agás que por razóns de seguridade vial se prohiba, e estará informado nun panel o itinerario alternativo.

Explica tamén que a día de hoxe non hai itinerario alternativo e dáse unha inseguridade xurídica enorme, xa que na parte asturiana hai un sinal de prohibido ciclos, mentres na parte galega non hai ningunha prohibición. Pretende que o Ministerio de Fomento ou a Dirección Xeral de Tráfico teña en conta como unha cuestión de impulsión do transporte en bicicleta e manteña todas as garantías de seguridade vial.

Manifesta que a situación de se se pode ou non transitar en bicicleta depende de se lle preguntas a un garda civil ou a outro, polo que se produce unha inseguridade e non cre que sexa apropiado para a circulación de bicicletas.

Intervén a continuación o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, anuncia que o seu grupo vai votar en contra da urxencia da moción, xa que considera que o Sr. Alcalde sabía que había unha concentración o día anterior, e se outro día pasa algo coas luras na ría vai presentar outra moción de urxencia. Queixase porque o seu grupo ten presentadas varias mocións, como unha relativa a accesibilidade, pero o Sr. Alcalde non as leva a pleno. Admite que descoñecía o tema, pero non cre que sexa urxencia.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, considera que a urxencia é relativa.

Sometida a votación a urxencia resulta aprobada por 7 votos a favor (dos concelleiros do grupo municipal do BNG e do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto) 4 votos en contra (dos concelleiros do grupo municipal do PP) e 1 abstención (do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto), pasándose de seguido ao tratamento da mesma.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, falando do contido da moción. Cre que as consideracións teñen razón e hai unha serie de posibilidades que se poden aproveitar. Anuncia que o seu voto vai ser a favor.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que reconece a súa vontade, pero o que pide está a ser un risco dende o punto de vista dun camioneiro, xa que un ciclista que circula pola beiravía da ponte dos Santos un día de vendaval ou de nordeste cando pase un tráiler a 100 km/h pode “aprender a voar”. Pensa que un

ciclista tiña que baixarse da bicicleta para cruzar a ponte, xa que é un risco. Pensa que é de boa fé pero constitúe un risco.

O Sr. Alcalde manifesta que tamén un camión que circule pola recta de Vilaframil a 90 km/h, con unha beiravía moitísimo máis estreita, “pódete fulminar”. Pretende que se aplique unha disposición que existe na lei, xa que é unha petición reiterada de clubs de ciclistas.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, propón que os ciclistas busquen outro circuíto que non discorra por autovía. Coincide co voceiro de UPRI en que é perigoso circular en bicicleta cando un camión vai a 100 km/h. Parécelle que puideron avisar tamén ao alcalde de Castropol para a concentración. Pídelle ao Sr. Alcalde que se lembre das outras mocións presentadas que tamén son urxentes e interesantes.

Durante a parte final da deliberación e votación desta Mocion ausentouse do Salón de sesións a Concelleira dona Teresa Gonzalez Piñeiroa.

De seguido procédese á votación que resulta aprobada con 6 votos a favor (dos concelleiros do equipo de goberno do BNG e do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto) e 5 abstencións (dos concelleiro do grupo municipal do PP e do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto).

Neste punto regresa ao Salón de sesións a Concelleira dona Teresa González Piñeiroa.

### **2012.53.11. MOCIÓN URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-**

Dase conta da seguinte Moción para o seu tratamento con carácter de urxencia:

#### **“MOCIÓN PARA SÚA TRAMITACIÓN CON CARÁCTER URXENTE NO PLENO DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2012 EN MATERIA DE TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2013**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O máis común dende que se desatou a crise económica e financeira é dar conta un día si e outro tamén dun expediente de regulación de emprego, ou do peche dunha empresa, ou do continuo aumento das listas do paro, afectando especialmente esta situación as pequenas e medianas empresas, Pymes, que, se ben non soen empregar a máis de catro ou cinco persoas, conforman parte dun colectivo que representa o 90% do tecido produtivo de España. E esta situación, á que no é allea o noso Concello, demanda dunha actuación directa e activa de todos, e especialmente das Administracións públicas, dirixida a pórllle fin, ou alómenos a intentar paliar ou mitigar os efectos perversos que esta coxuntura está a ocasionar nos nosos traballadoras e traballadores.

Non se debe caer no absurdo de crer que a superación da grave crise económica pola que estamos a pasar vaia solucionarse soio cunha reforma da regulación do mercado laboral, o que non deixa de ser máis que unha peza dun gran puzzle que para acadar os seus froitos e permitir superala situación ten que conxuntarse con outras grandes medidas e actuacións de gobernantes, empresas, traballadores... en fin, da sociedade no seu conxunto.



Deste xeito, compre ter en conta que a búsqueda de solución aos graves problemas que presenta a actual situación económica non pasa polo estudo e análise dunha soa óptica do prisma senón que é preciso abórdalo dende desde múltiples ópticas e múltiples perspectivas.

Neste contexto, e se ben é certo que, dende a entidades locais pouco se pode influir no deseño das políticas, nacionais e autonómicas de emprego, igualmente certo é que estas entidades, as máis próximas ao cidadán, son as responsables do desenvolvemento da nosa vila, polo que no deben permanecer pasivas e deben coadxuvar activamente na búsqueda de solucións.

A mellor política social que se pode impulsar dende os Concellos, a verdadeira maneira de garantir aos vecinos e vecinas a prestación dos servizos sociais básicos, pasa por impulsar o desenvolvemento local da nosa vila, por por en marcha dende o Concello actuacións que contribúan a loitar contra o desemprego, a creación de novos postos de traballo a consolidación das empresas existentes e a promoción do establecemento de novas empresas, e para acadalo, entre outras actuacións que se poidan desenvolver, é preciso que dende o Concello diminúa a excesiva presión que suponen as cargas fiscais e financeiras sobre as economías familiares, especialmente naqueles colectivos con menos ingresos, e con este obxectivo, e tendo en conta a necesidade de compatibilizar estas actuacións coa sustentabilidade financeira da facenda municipal, é que se someta á aprobación da Corporación Municipal a presente **PROPOSTA EN MATERIA DE TRIBUTOS MUNICIPALES PARA o ANO 2013.**

#### **IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI):-**

- **Conxelación** respecto do 2012.
- Establecemento dun **sistema especial de pago**, que permita aos contribuíntes o pago fraccionado do imposto
- Inclusión no presuposto para o ano 2013, do denominado **IBI SOCIAL**, isto é, regular unha convocatoria de subvencións destinada a axudar aos contribuíntes con menores recursos no pago deste.
- 

#### **IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

- **Conxelación** respecto de 2012.
- **Bonificación del 50%** para os titulares de turismos eléctricos ou que empreguen combustibles non contaminantes.
- 

#### **IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBAN.** • Conxelación respecto de 2012.

#### **IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS. INSTALACIONES E OBRAS**

- **Conxelación** respecto de 2012.
- **Bonificación do 50 %** a favor das construcións, instalacións e obras referentes as **vivendas de protección oficial**.
- 

#### **IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.-**

- **Conxelación** respecto de 2012

## TAXAS.

- **Conxelación respecto de 2012**
- **Bonificación de ata un 50%** ñas taxas municipais de Declaración de Responsabilidade, e ñas taxas por obras para remodelación, ampliación ou reforma de locais de negocio

## PRECIOS PÚBLICOS (actividades culturais y deportivas):

- **Aplicación do incremento que resulta de repercutir sobre os prezos existentes o índice anual De Prezos ao Consumo.** Non obstante, e en función do custo de cada un dos servizos, e tendo en conta que os prezos públicos gravan a prestación de servizos que non son de realización obrigatoria por parte das entidades locais, como si ocorre con outros servizos tales como, o abastecemento de auga, a recollida de vasoiras ou o alcantarillado, poderíase estudar a viabilidade dun incremento maior dos diferentes prezos públicos, **coa excepción da axuda domiciliaria.”**

Intervén a continuación o Sr. Alcalde que explica que esta Moción non está na orde do día, xa que se presentou o pasado venres e cando convocou o pleno, o xoves pola noite, aínda non entrara en rexistro.

A Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, xustifica a urxencia da moción en que se solicitaron unha serie de medidas relativas a impostos e taxas municipais para o próximo ano.

Sometida a votación a urxencia desta moción resulta aprobada por unanimidade de todos os membros da Corporación, pasándose de seguido ao tratamento da mesma.

Intervén a Sra. López Braña Freije, conceleira do Grupo PP, que explica que se trata dunha proposta de medidas relativas aos impostos, taxas e prezos públicos para o ano 2013. Considera que hai que promover recadar un pouco menos e pensar no cidadán. Baséase nun informe que manifesta que o aforro neto do concello é positivo, polo que cre que se poden baixar as cargas fiscais dos veciños.

Cre que en Ribadeo falta un estímulo ao desenvolvemento local por parte do concello, para que Ribadeo sexa atractivo para as empresas e emprendedores que xeran postos de traballo. Considera que as pequenas empresas estanse vendo moi sufocados coa subida de impostos. Explica que o goberno da nación o primeiro que dixo foi que as arcas do estado están baleiras. Cre que a situación non é a mesma que a de Ribadeo onde o as arcas están ben, polo que algunha medida se pode tomar. Coincide co Sr. Alcalde que manifestou a súa intención de conxelar os prezos públicos e as taxas polo que cre que non ten moito debate, posto que xa era a idea do Sr. Alcalde.

Propón outras medidas como que todas as Administracións teñen responsabilidade en solucionar os problemas aos cidadáns, polo que o concello de Ribadeo tamén pode aportar o seu grao de area, pero debe crear e establecer o que xa está existindo, que é o IBI social, dirixido aos veciños que están en especial risco para que non se visen agravados con este imposto e que se pague fraccionadamente.

Reclaman tamén a bonificación dalgúns impostos e queren estimular a construción. Piden que se manteñan as taxas de auga etc. e se bonifiquen as taxas para declaracións responsables, para estimular un pouco o concello de cara ao turismo. En canto aos prezos públicos, cre que ten que haber un control de moderación por parte do concello que deixan á autonomía do equipo de goberno, agás na axuda a domicilio, porque entende que o que se paga hoxe en día non debe sufrir máis incrementos. Coinciden co Sr. Alcalde en facer unha conxelación xeral de impostos. A continuación intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, explica que non ten elementos para discutir sobre esta cuestión, pero cando sexa o momento concreto de revisar as ordenanzas manifestará o que lle parece. Cre que a cuestión grave é a subida tremenda e inxusta dos impostos. Anuncia que non vai votar a favor.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, ao que lle parece ben a filosofía desta moción xa que el sempre estivo en contra da subida de impostos.

Pide que se rebaixe o 6,5% do IBI. Tamén lle parece ben a posibilidade de pagar a prazos o IBI. A Sra. Interventora explica que é unha decisión que depende da Deputación.

Ao Sr. Reymóndez parécelle unha proposta boa e interesante para axudar á xente que o precisa. Respecto á conxelación dos impostos parécelle ben. Dille ao Sr. Alcalde que lle gustaría que apoiara a moción.

O Sr. Alcalde explica que eles teñen a responsabilidade do goberno e non a oportunidade de demagogia da oposición.

Intervén o Sr. Castro Reigosa, do Grupo do BNG, que dí que chámalle a atención que se presente esta moción, xa que se é o último pleno ordinario do ano e non se puxo na orde do día a revisión de prezos e taxas é porque non se van subir. Cre que sobra falar de conxelación, porque xa era coñecido que a intención do equipo de goberno era esa. Corrixe que él non dixo nunca que as contas fosen ben, pero si que melloraron e recorda que non fai moito tempo que se debateu un plan de axuste que hai que cumprir. Considera difícil que se vaia reactivar a economía co importe do Imposto sobre Construcións e Obras. Gustaríalle saber as posibilidades técnicas de algunhas das solicitudes que se presentan.

O Sr. Alcalde está de acordo en aportar o seu gran de area, pero quere deixar constancia que o concello de Ribadeo non subiu os impostos, como a maioría dos concellos de A Mariña, só se subiu o que estaba por concesión. Explica que hai bonificacións do 90% para construtoras, do 95% para cooperativas, para familias numerosas dende o 5 ata o 50%. Respecto ás taxas, informa que non se poden baixar porque está prohibido, agás que unha lei o determine, teñen que tender a cubrir o servizo.

Rematada a deliberación, procédese á votación da Moción que resulta rexeitada por seis votos en contra (dos membros do equipo de goberno do BNG), cinco votos a favor (dos membros do grupo municipal do PP de do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e unha abstención (do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto).

## **ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **ROGOS E PREGUNTAS DO PSG-PSOE.-**

Comeza as intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que expón que tiña un rogo pendente do pleno anterior pero que esperará e que o presentará por escrito e que non ten mais.

### **ROGOS E PREGUNTAS DE UPRI.-**

Intervén o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire ás árbores das Avenidas de Galicia e de Asturias. Cre que non se deberían poñer de folla caduca, porque agora están secas e non cumpren a súa función. Pregunta se esas árbores son ornamentais.

O Sr. Alcalde entende que se non dan froita, son ornamentais.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese de seguido á estrada de entrada na zona sur do concello, a estrada de Vilela dende a ponte da vía do tren. Rógalle que faga algunha actuación.

O Sr. Alcalde indica que se está pedindo esa actuación á Deputación, xa foron os técnicos medir e fíxose un proxecto.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, concelleiro delegado de Medio Ambiente, apunta que a mediados de ano xa vai haber máis ingresos.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese a continuación a unhas fochas que hai na estrada da costa, preto de Rinlo. Fala do Mercado do Nadal, pregunta se se vai poñer unha carpa.

O Sr. Alcalde informa que este ano se fará en 30 casetas dispersas pola zona comercial, que a programación fíxose en colaboración co CCA.

O Sr. Reymóndez Gancedo manifesta que hai queixas dun veciño. Pregunta por un curso sobre comercio electrónico con 12 alumnos. Pide que se leve un seguimento dos cursos, en canto a calidade formativa e educativa.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Educación, anuncia que o concello non contratou nada, senón que foi unha iniciativa da Xunta de Galicia que ofreceu aos concellos, onde os técnicos contactaron coas posibles beneficiarias que eran mulleres emprendedoras que quixeran comercializar os seus produtos.

O Sr. Reymóndez Gancedo cre que, en moitas ocasións, se perde a filosofía do curso, coma este que era de comercio electrónico e ninguén saíu cunha idea de comercio.

A Sra. Álvarez Lastra pensa que no curso habería unha avaliación por parte dos asistentes e un seguimento.

O Sr. Reymóndez Gancedo manifesta que o curso aínda non rematou, que foi presencial dous meses e remata a finais de ano, pero hai xente que está esperando dende agosto a que se poñan en contacto con él.

A Sra. Álvarez Lastra comenta que, ás veces, organízanse as cousas coa mellor intención, pero córrense riscos. Informa que dende o concello faise unha avaliación final de cada curso.

### **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-**

Intervén o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, que protesta porque sistematicamente se ausenta un concelleiro do BNG porque se lle fai tarde, parécelle unha falta de respecto cara aos demais.

A Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, pregunta en que estado está a reclamación de danos á Asociación Puente de los Santos, en relación ás vidreiras do cemiterio.

O Sr. Alcalde informa que está presentado un contencioso da asociación á compañía de seguros.

A Sra. López Braña-Freije pregunta se se iniciaron accións xudiciais para que pague e se hai posibilidades de que a propia asociación se faga responsable. Entende que a obriga do concello é pedir responsabilidades, se se ve prexudicado.

Refírese ao gasoduto, quere saber se considera que é un tema que deba dirixir á Mancomunidade para tomar a defensa dos veciños. Pregunta se como concello fixo algunha xestión ante o Ministerio para ver como se vai tratar o tema.

O Sr. Alcalde explica que se fixo pero que non fixeron caso. Cre que a personalidade xurídica máis axeitada é a Mancomunidade da Mariña.

A Sra. López-Braña Freije refírese á elaboración dos orzamentos do ano 2012 en base a unha partida de ingresos previsibles de sancións por un importe aproximado de un millón de euros, pero indica que houbo unha sentenza xudicial fai pouco tempo que reducía as sancións a construtores e promotores. Quere saber de que maneira vai repercutir, como se vai axustar esa diferenza de 700.000 €.

A instancia da Alcaldía toma a palabra a Sra. Interventora que expón que teñen que depurar a contabilidade para dar de baixa esa diferenza, de tal forma que figuren pendentes de cobro dous millóns, polo que a previsión de ingresos baixa, pero non ten que ver coa previsión de ingresos do orzamento, xa que tiñan o contabilizado para 2008.

A Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, refírese a unha resolución do 10 de outubro relativa a subvencións a concellos para proxectos de financiamento, asesoramento e

formación da poboación inmigrante. Cre que o concello de Ribadeo non solicitou esta subvención. Pregunta se a oficina de atención ao inmigrante sigue estando aberta e se hai unha persoa para atendela.

A Sra. González Piñeiroa, concelleira delegada de Servizos Sociais, explica que o persoal de servizos sociais se ocupa dela para optimizar recursos.

A Sra. González Loreda insiste en que a Xunta daba un subvención. Quere saber que accións se están levando a cabo neste sentido e por que non se pide esta subvención.

A Sra. González Piñeiroa informa que dende o concello estase levando o asesoramento e información a inmigrantes e facilitando asistencia en chamadas e trámites de entrega de documentación. Di que en ningún momento a oficina estivo pechada, simplemente non hai unha persoa específica para este tema, xa que considera que hai persoal suficiente para facerse cargo e non lle consta ningunha reclamación que se fixera por parte da poboación inmigrante.

Explica tamén que a persoa que se encarga asistiu a xornadas de formación en inmigración porque non estaba realizando ese traballo, pero é unha persoa totalmente capaz. Enumera as accións que leva a cabo como por exemplo: como evitar a exclusión social das familias, ou traballar con voluntarios no seguimento dos usuarios. Respecto á subvención, cre que se valorara pedirla, pero había algo que se solapaba e por iso non se pediu.

A Sra. González Loreda manifesta que ela pensa que Ribadeo cumpría os requisitos cunha boa puntuación para acceder á subvención, e por exemplo concellos como Xinzo de Limia obtiveron 22.000 €, O Carballiño 13.000 €, Ames 12.000 €. Recomendalles que o estuden para o próximo ano.

Refírese a continuación ás fiestras do Asilo, comenta que o 10 de setembro, en precampaña, aparece na web do concello unha nova coa foto do alcalde, da concelleira e do deputado de Benestar. Informa que estes días na prensa aparece un convenio coa Deputación para arranxar as fiestras, pregunta se se trata da mesma actuación.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, respóndenlle que a foto corresponde a un compromiso por escrito coa Deputación e despois é cando se asina o convenio.

A Sra. González Loreda descoñece cal é a forma do compromiso por escrito.

O Sr. Castro Reigosa explica que dende Vicepresidencia mandaron un escrito onde se comprometían a solucionar a cuestión, pero houbo que esperar á sinatura do convenio.

A Sra. González Loreda refírese tamén ao comunicado do 3 de agosto, donde o Sr. Veiga, Deputado Provincial, anuncia que garantirá o cobro das pagas extra nos concellos nos que goberna o BNG. Máis tarde, o 14 de setembro, o Sr. Alcalde manifesta que estuda como pagar a paga extra cumprindo a lei. Pregunta como está a situación.

O Sr. Alcalde admite que lle está dando voltas cos técnicos, xa que lle parece unha actuación moi perversa para o consumo, para a remuneración das persoas, pero non van ir en contra da lei.

Á Sra. González Loredo manifesta que tamén lle parece fatal, pero quería saber como estaba a situación, porque estamos a finais de novembro. Comenta que os 51 alcaldes do PP na provincia de Lugo renuncian á súa paga extra así como os doce deputados provinciais do PP, pregunta se o Sr. Alcalde se vai cobrar a súa paga extra.

O Sr. Alcalde contesta que irá na mesma liña que os traballadores municipais.

A Sra. González Loredo indica que leu na prensa que o concello e ACISA acudirán á feira de turismo INTUR de Valladolid, pregunta se teñen posto propio, quen asume o custo e que material se leva.

A Sra. Martínez Fernández, concelleira delegada de Turismo, responde que teñen un posto conxunto con ACISA, o custo non llo sabe dicir nese momento pero asúmeno ao 50%, e o material é o que lles facilitan os empresarios de hostalería e de comercio.

O Sr. Yáñez Dablanca, concelleiro do grupo municipal do PP, refírese á Asociación de Montes Cordal, quere saber como está o tema e se lle preguntaron a cuestión aos técnicos.

O Sr. Alcalde admite que o tema está encima da mesa e os técnicos están estudando a mellor fórmula para que non se incumpra a lei.

O Sr. Yáñez Dablanca pregunta por un antigo proxecto relativo á escaleira de emerxencia do hospital asilo e outro relativo aos cadros eléctricos.

O Sr. Alcalde ironiza dicindo que agradece o interese, xa que sabe que van polo asilo e se retratan cos anciáns. Manifesta que a el lle daría vergonza saír en fotos coa xente do hospital.

O Sr. Alcalde pide ao público que se absteña de intervir.

O Sr. Yáñez Dablanca di que non era a primeira foto e a palabra hipocresía non ven a conto.

O Sr. Alcalde responde que o cadro eléctrico é unha cuestión de seguridade e comenta que a escaleira de incendios non sabe o que custa e dubida que Patrimonio puidera autorizar, pero aínda que a autorice, primeiro hai que arranxar a carpintería exterior para aforrar enerxía e combustible.

O Sr. Yáñez Dablanca manifesta que iso xa se presupostara no mandato anterior, pero di que o único que se detecta polos responsables do asilo son os fallos.

O Sr. Alcalde considera que o Sr. Yáñez non é o interlocutor, e detecta que ,ás veces, hai xente de mala fe que solta contos sobre cousas que pasaban alí e que son mentira, como se non comían ben ou se non usaban aceite de oliva.

O Sr. Yáñez Dablanca aclara que as cuestións que se sacaron sempre foron vistas de primeira man.

O Sr. Alcalde manifesta que ogalla esta determinación a teñan cando se nomee o próximo Concelleiro e vaian pedir cousas para o asilo.

O Sr. Yáñez Dablanca anuncia que en poucos días se celebra o vixésimo aniversario da Banda Municipal. Quere transmitir o sentir do PP aos profesores e profesoras que empezaron alí como alumnos, xa que considera que cumpre ese requisito de escola de música e constitúe un servizo fundamental que se afianza. Quere aproveitar igualmente a ocasión para transmitir ese ímpeto, que ten a concreción na propia banda.

Refírese a continuación, o Sr. Yáñez Dablanca, a un rogo que provén da Comisión provincial da muller do PP de Lugo para facer unha chamada de atención polo Día Internacional contra a Violencia de Xénero, para que se colgue na fachada do concello un lazo violeta como símbolo de repulsa desta lacra social.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira de Igualdade e Muller, informa que lle mandaron un correo electrónico. Dende os concellos onde goberna o BNG terán unha postura unánime e cren que, no momento actual, debido aos recortes sociais e todo o que supuxeron as políticas feitas dende a Xunta de Galicia, teñen que facer políticas que axuden á prevención e a evitar que esta lacra social siga avanzando, polo tanto non van a colaborar nesa idea porque non queren que quede nun simple símbolo.

O Sr. Yáñez Dablanca díxolle que o lamenta porque non sería a primeira vez que ese tipo de iniciativas xorden dende o concello de Ribadeo e secúndanse para chamar a atención sobre esta lacra social.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, respecto ao aniversario da Escola de Música, insta ao PP para que esixa á Xunta unha mellor axuda á Escola de Música.

O Sr. Yáñez Dablanca reitera a petición dun paso de cebra fronte á Escola de música e ao Hospital-Asilo, xa que o que hai é algo perigoso.

De seguido toma a palabra o Sr. Valín Valdés, Concelleiro do grupo municipal do PP, que pide que roten as intervencións, xa que a él sempre lle toca falar o último polo que non se expresa coa frescura do inicio.

Tamén se refire ao Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE, que nunca escoita os rogos do PP, xa que se marcha, do Pleno, antes de que remate.

Refírese a continuación ao colectivo Sonda Norte, informa que pediu a relación de colaboracións económicas do concello coa asociación. Calcula que hai unha suma de facturas de 5.764,81 €, onde se inclúen carteis, comidas, asesoramento e coordinación do programa, dinamización,



compra de libros ou gravación de vídeos. O Concelleiro de Economía díxolle que había un Convenio Excepcional de Colaboración coa Deputación con data 25 de outubro, de 15.000 €.

Pregunta canta xente participa neste colectivo, se o colectivo coñece a existencia do convenio coa Deputación ou se ían pagando as facturas sen saber como conseguir os recursos, se dende o concello se informa a outros colectivos da existencia destes convenios e por que non van a concorrencia competitiva como o resto de asociacións.

Fai referencia tamén a uns carteis dunha exposición de pintura que tivo lugar na sala de arte “Sonda Norte” da Casa da Cultura e pensa que para poñerlle un nome a unha sala municipal tería que haber un acordo plenario.

O Sr. Alcalde responde coas explicacións que lle deixou o Concelleiro de Mocidade, que non está presente no Pleno.

Describe que Sonda Norte é unha plataforma aberta da que forman parte todas as persoas interesadas na creación cultural en todas as súas vertentes, impulsada pola Concellería de Mocidade e por un grupo de creadores locais de diferentes ámbitos. Participan dela arredor de 60 mozos.

Nace co obxectivo de apoiar a programación de contidos culturais e darlles a máxima difusión posible, mellorar a formación artística dos creadores locais etc. O período inclúe os anos 2012-2015. Organízase de forma totalmente aberta a través dunha asemblea coordinadora. Non está formalmente constituída como asociación, pero as decisións tómanse por acordos dos presentes nas xuntanzas de traballo ás que pode acudir calquera persoa interesada. O gastos asúmeos internamente a concellería de Mocidade, todos eles se cargan ao Convenio de 15.000 € asinado coa Deputación Provincial de Lugo.

Continúa o Sr. Alcalde coa súa explicación, suñando que para anos vindeiros é posible que Sonda Norte se constituía como asociación e busque fórmulas de financiamento diferentes e á marxe do concello. Os gastos derivados de Sonda Norte correspóndense co desenvolvemento das actividades de posta en funcionamento da Casa da Xuventude e acondicionamento das salas, encontros de Sonda Norte, exposicións e gastos de montaxe, custo de elaboración dos vídeos de Sonda Norte TV que se moven polas redes sociais, gastos derivados de participación en accións na rúa, coordinación e asesoramento por parte da empresa Nova Xestión Cultural, porque realizou un proxecto moi similar na comarca do Barbanza chamado “Leña Verde” etc., e difusión de diversas actividades.

O Sr. Valín Valdés intervén novamente e manifesta que o que lle interesa é que lle responda se se informa a todos os colectivos de Ribadeo de que poden constituírse nun colectivo coma este para ter acceso a convenios excepcionais da Deputación.

O Sr. Castro Reigosa puntualiza que Sonda Norte está promovido polo concello.

O Sr. Valín Valdés pregunta ao Alcalde se era coñecedor de que unha sala do concello levaba o nome de Sonda Norte.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Cultura, intervén e explica que se puxo esa denominación nos carteis para identificar donde estaba a exposición.

O Sr. Valín Valdés considera que se podía recoñecer como segundo andar da Casa da Xuventude.

O Sr. Alcalde responde que tampouco foi a pleno que o primeiro andar era o telecentro.

O Sr. Valín Valdés continúa coa súa intervención e refírese ao mércores, 7 de novembro, cando o PP denunciou o abandono de varios viais, algúns deles en zona de costa. Relata que o Sr. Alcalde recomenda ao PP que descubra por que a Xunta suspendeu a partida prevista para acometer o arranxo da estrada de Noceda.

O Sr. Alcalde intervén dicindo que “é escravo das súas verbas, pero non do que poñen os xornalistas”, e que se refería a por que o cambiou de ano.

O Sr. Valín Valdés manifesta que as obras empezarán neste ano 2012 por parte da empresa “Taboada y Ramos” de As Pontes, cun orzamento de 59.600 €, pero saben que os imprevistos están á orde do día.

Refírese de seguido a que fai unha semana saíu en prensa que os concellos de A Mariña terían un obradoiro de emprego, pero Ribadeo non estaba nesa relación. Pediu acceso á documentación que obra no concello e analizándoa, sorpréndese cando hai un requirimento dalgún defecto do proxecto de 10 de setembro. Informa que se manda a documentación de volta cun oficio firmado polo Sr. Alcalde do 24 de setembro. Cre que aparentemente o que pedía estaba mandado. Seguiu indagando e dinlle que hai erros de bulto e documentación incompleta. Considera que o Alcalde e a Concelleira de Desenvolvemento están sempre encima dos temas e difundíndoos nos medios de comunicación. Pregunta por qué esa falta de atención ao proxecto, xa que lle estraña moito. Responsabiliza aos políticos por perderse un obradoiro por cuestións de forma.

O Sr. Alcalde pregunta por que quere sabelo, xa que él non pode contestalo porque non se sabe, ninguén lle dixo nada.

O Sr. Valín Valdés reitera que o día 10 lle fan un requirimento de documentación e o día 24 manda un oficio con documentación. Xustifícase dicindo que lle interesa que Ribadeo teña un obradoiro.

O Sr. Alcalde indica que o Concello de Ribadeo enviou a información que se lle requiriu e non houbo ninguén que dixera que estaba mal ou que faltaban cousas. Estráñalle que llo digan a el que non é o alcalde.

O Sr. Valín Valdés contesta que é Concelleiro e pode preguntar na Xunta. Ten dúbidas de que non informaran ao alcalde.

O Sr. Alcalde pregunta se se trata de algo entre o partido e a institución.

O Sr. Valín Valdés considera que Ribadeo non ten obradoiro de emprego debido á negligencia do goberno do BNG, producíndose unha deliberación sobre este asunto entre o Sr.Valín Valdés e o Sr.Alcalde.

A continuación pregunta o Sr.Valín Valdés, en relación coa campaña para unha operación de córnea a unha veciña de Ribadeo e quere saber se pasaron polos Servicios sociais e se se está a facer algo a este respecto.

Resposta a Concelleira de Asuntos Sociais, Sra.González Piñeiroa, manifestando que sí, que se leva tempo traballando en varias cousas e que si pasaron polos Servicios a pedir información.

Refírese a continuación o mesmo Concelleiro á rotonda de Vilaselán, na zona de Os Galos, se sería posible a instalación de bandas rugosas na zona. O Concelleiro D. Vicente Castro Reigosa resposta que se está traballando sobre o asunto.

O Sr.Valín Valdés refírese tamén a unha denuncia sobre o Muiño de Ignacia.

O Concelleiro Delegado de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez resposta sobre o asunto, sobre unha subvención de Rede Natura, dí que se deu entrada po detrás e cando se poida se farán os arranxos precisos.

Tamén pregunta o Concelleiro Sr.Valín Valdés polo estado de dúas edificacións fronte ao Circulo Habanero en A Devesa así como polo estado da pista á Praia de Porto que é preciso asfaltar. Sobre esta última cuestión resposta o Concelleiro Sr. Castro Reigosa indicando que están en contactos con Costas á espera de que o permita.

O Sr. Valín Valdés formula unha última cuestión sobre o funcionamento dos telecentros nas Escolas rurais xa que nalgunhas hai ordenadores que non se usan, apilados,etc.

O Sr.Alcalde dí que nalgúns casos funcionan ben cando as Asociacións de veciños son dinámicas e noutros casos non.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as vintetrés horas e cincuenta minutos, polo Sr.Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,